


A lírica medieval

A CANTIGA DE AMIGO

Lingua Galega e Literatura I



CARACTERÍSTICAS TEMÁTICAS

01

A namorada

Vai ser a voz narrativa e protagonista da cantigas. É unha rapaza nova e solteira.

02

O amigo

Vai ser unha figura case sempre ausente, e pode corresponder o amor da amiga ou non.

03

A relación amorosa

Pode darse desde tres perspectivas:

- o amor feliz ou satisfeito
- o amor infeliz ou insatisfeito
- os obstáculos ou dificultades para o amor

04

A nai e as amigas e irmás

Son as conselleiras ou confidentes da amigas. A nai, que tamén pode ser un obstáculo, pode chegar a tomar a voz narrativa.

05

A paisaxe

A presenza de paisaxes concretas pode servir como simple marco do relato ou pode ter certa carga simbólica: o mar, as auga, certos animais e plantas...

CARACTERÍSTICAS FORMAIS

0 paralelismo, o leixaprén e o refrán

A repetición é fundamental na lírica medieval, e máis na cantiga de amigo. O principais recursos formais das cantigas de amigo son o paralelismo, o leixaprén e o refrán.

01

0 paralelismo

É a repetición de versos case idénticos (literal) ou de estruturas (estrutural) ao longo das cantigas. Pode ser perfecto ou imperfecto.

02

0 leixaprén

Se o paralelismo é perfecto, encadea pares de estrofas ao longo da cantiga; isto coñecese como leixaprén.

03

0 refrán

É un grupo de versos (normalmente, entre un e dous) que se repite ao final de cada cobra ou estrofa.

O paralelismo e o leixaprén

Nesta cantiga de Martin Codax podemos ver un exemplo de paralelismo perfecto ou leixaprén. En primeiro lugar, vemos paralelismo literal no primeiro par de estrofas, pero, ademais, vai encadeando os pares de estrofas de tal forma que os versos 2 e 5 aparecen como primeiros versos da 3ª e 4ª estrofa, e así sucesivamente.

O refrán

O refrán (nesta cantiga, «Amor hei!») aparece pechando cada unha das cobras ou estrofas.

a Eno sagrado em Vigo
b bailava corpo velido.
R Amor hei!

a' Em Vigo, no sagrado
b' bailava corpo delgado.
R Amor hei!

b Bailava corpo velido
c que nunc'houver'amigo.
R Amor hei!

b' Bailava corpo delgado
c' que nunc'houver'amado.
R Amor hei!

c Que nunc'houver'amigo
d ergas no sagrad'em Vigo.
R Amor hei!

c' Que nunc'houver'amado
d' ergas em Vigo no sagrado.
R Amor hei!